



BOP

XOVES, 8 DE XULLO DE 2021

N.º 154

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

APROBACIÓN DA REVISIÓN DE TARIFAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO".

Dáse conta de que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xuño de dous mil vinte e un acordou aprobar a revisión das TARIFAS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA DA DEPUTACIÓN DE LUGO "GAYOSO CASTRO" cun incremento de de 0,16 €/animal/ día, o que supón unha tarifa de 2,55 €/ animal/ día que deberán aboar os usuarios do centro de recría.

O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019.- O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2025

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DEL FIRME, MEDIANTE RIEGOS CON GRAVILLA, LU-P-4702

"VILACHÁ-ROZABALES-ESTACIÓN DE POBRA DO BROLLÓN", P.K. 2+570 AL 10+400. POBRA DO

BROLLÓN. (EX0120B21AB)

EXPTE GTM: 2021/CON_01/000053

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 2 de xullo de 2021.- O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019.- O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2026

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2021, apróbese a Convocatoria e as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo de 4 peóns e 1 xefe da brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é proceder á selección de persoal laboral temporal, dos seguintes empregos no Concello de Alfoz.

► **Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2021”:**

- Nº empregos: 1
- Denominación: Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Réxime Xurídico: Persoal laboral temporal
- Duración vínculo de servizo: 3 meses desde a formalización do contrato.
- Duración xornada: Xornada completa.

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2021”.

- Modalidade da listaxe: Específica

► **Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Peóns para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2021”:**

- Nº empregos: 4
- Denominación: Peón para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Réxime Xurídico: Persoal laboral temporal
- Duración vínculo de servizo: 3 meses desde a formalización do contrato.
- Duración xornada: Xornada completa.

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Peóns para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais – Campaña 2021”:

- Modalidade da listaxe: Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DUN XEFE DE BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE ALFOZ.

1. OBXECTO.

As presentes bases específicas complementan as bases xerais que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía en data 16 de novembro de 2017, e publicadas no B.O.P. de Lugo número 269 de 23 de novembro de 2017.

Ámbalas dúas bases establecen as normas para a selección de persoal provisional ou temporal.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal polo Concello de Alfoz, dun xefe de brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, dentro do marco da addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Alfoz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** XEFE DE BRIGADA
- **RÉXIME XURÍDICO:** PERSOAL LABORAL TEMPORAL
- **DURACIÓN DO VÍNCULO DE SERVIZO:** Tres meses desde a formalización do contrato.
- **TEMPO XORNADA:** COMPLETA (100 % XORNADA).
- **COMETIDO FUNCIONAL:** Consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Alfoz e polo Distrito Forestal VI, de

acordo coas instrucións recibidas ao efecto. En concreto, responsabilizarase da brigada municipal encargada da vixilancia e defensa contra os incendios forestais e das labores encamiñadas á súa prevención e á diminución do risco de propagación e minimización de danos, no caso de producirse. Así actuará como responsable e coordinador do funcionamento da brigada para establecer relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a entidade local. Como compoñente da brigada realizará labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres meses de operatividade da mesma, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

3.- RETRIBUCIÓN: Será de 1.300,00 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extra.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

Titulación Académica necesaria para participar no proceso selectivo: Algunha destas titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

b) Específicos:

Estar en posesión do carné de conducir clase B.

Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 4 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

5. TRAMITACIÓN.

O Concello de Alfoz abrirá un prazo de solicitudes de participación no proceso selectivo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto da convocatoria e destas bases no BOP.

Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, en virtude do cal se realizarán as contratacións.

As solicitudes presentaranse tal e como ven recollido nas bases 6 e 7 das bases xerais.

A valoración da fase de concurso e a realización da proba de galego para aqueles que non acrediten o nivel de galego CELGA 4, terá lugar o día que se publique no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, que será cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

Seleccionados os/as traballadores/as, serán convocados para a realización dun recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, nos termos establecidos no convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, cuxa superación será requisito indispensable para a súa posterior contratación como xefe de brigada. De non superarse, convocarase ao seguinte aspirante que acadara unha maior puntuación, e así sucesivamente.

O Concello procederá á contratación da persoa proposta que superara o exame médico e a proba de esforzo baixo a modalidade de “obra ou servizo determinado”.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO DE MÉRITOS.

FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 7 puntos).

A selección realizarase valorando os seguintes méritos:

a) Experiencia laboral profesional: (Puntuación máxima: 5 puntos).

- ▶ Por acreditar ter experiencia como xefe de brigada, coordinador técnico, capataz GRUMIR: 0,25 puntos/mes.
- ▶ Por acreditar ter experiencia como peón de incendios/GRUMIR: 0,10 puntos/mes.

A puntuación minorarase de forma proporcional en función da porcentaxe de xornada, cando esta fora parcial.

Acreditarase mediante a presentación de informe de vida laboral e do/s contrato/s de traballo, ou da certificación da entidade, de forma que queden acreditadas entidade, posto de traballo, xornada e duración.

b) Formación relacionada co desempeño do posto de traballo (Puntuación máxima: 2 puntos).

Por ter realizado cursos relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública ou calquera centro oficial autorizado para impartilos, incluídos os organizados ou promovidos polos Concellos:

- Por cada curso de 60 ou máis horas de duración ou de 10 xornadas: 0,50 puntos

- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou de 2 a 4 xornadas: 0,20 puntos

Será acreditado mediante presentación de fotocopia compulsada do correspondente diploma ou certificado da actividade formativa, no que debe figurar a súa duración, en número de horas ou xornadas.

No caso de producirse empates, o Tribunal de Valoración decidirá en función da puntuación obtida no apartado de experiencia, incluso si excedese da puntuación máxima do citado apartado. De persistir o empate serán puntuados os cursos de formación dos aspirantes nesta situación sen o límite establecido de 2 puntos. Si aínda así persistira, observarase a prioridade pola orde de entrada da solicitude no rexistro de entrada do Concello.

A puntuación final das persoas que obtiveran a cualificación de aptas será a resultante da fase de concurso. Será proposta para o posto de traballo convocado a persoa que acadara a maior puntuación, quedando as restantes conformando unha listaxe de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, aos efectos de renuncia, baixa, non superar o recoñecemento médico e/ou proba física de esforzo, ou calquera outra contingencia das persoas candidatas propostas, sendo requirida a que figure na listaxe no seguinte lugar, sucesivamente, cando as circunstancias o requiran.

7.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 4 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

8.- INCIDENCIAS.

Estas bases e tódolos actos administrativos que delas se deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE CATRO PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE ALFOZ.

1. OBXECTO.

As presentes bases específicas complementan as bases xerais que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía en data 16 de novembro de 2017, e publicadas no B.O.P. de Lugo número 269 de 23 de novembro de 2017.

Ámbalas dúas bases establecen as normas para a selección de persoal provisional ou temporal.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal polo Concello de Alfoz, de 4 peóns para a brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco da addenda ao convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Alfoz para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** PEÓN DE BRIGADA
- **RÉXIME XURÍDICO:** PERSOAL LABORAL TEMPORAL
- **DURACIÓN DO VÍNCULO DE SERVIZO:** Tres meses desde a formalización do contrato.
- **TEMPO XORNADA:** COMPLETA (100 % XORNADA).
- **COMETIDO FUNCIONAL:** Consistirá na realización das tarefas que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Alfoz e polo Distrito Forestal VI, de acordo coas instrucións recibidas ao efecto. De conformidade co Convenio suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Alfoz, os compoñentes da brigada realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa de eles durante cada un dos tres meses de

operatividade da brigada, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

3.- RETRIBUCIÓNS: Será de 1.108,33 € brutos mensuais para os peóns, incluída a parte proporcional das pagas extra. Para o peón condutor a retribución será de 1.160,00 € brutos mensuais, incluída a parte proporcional das pagas extra.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo: Certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.

b) Específicos:

Estar en posesión do carné de conducir clase B.

Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 2 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

5. TRAMITACIÓN.

O Concello de Alfoz abrirá un prazo de solicitudes de participación no proceso selectivo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación dun extracto da convocatoria e destas bases no BOP.

Na súa formulación, a oferta non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no convenio asinado coa Consellería do Medio Rural, en virtude do cal se realizarán as contratacións.

As solicitudes presentaranse tal e como ven recollido nas bases 6 e 7 das bases xerais.

A proba da fase de oposición, a realización da proba de galego para aqueles que non acrediten o nivel de galego CELGA 2 e a valoración da fase de concurso, terá lugar o día que se publique no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, que será cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

Seleccionados os/as traballadores/as, serán convocados para a realización dun recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, nos termos establecidos no convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, cuxa superación será requisito indispensable para a súa posterior contratación como peón de brigada. De non superarse, convocarase ao seguinte aspirante que acadara unha maior puntuación, e así sucesivamente.

O Concello procederá á contratación das persoas propostas que superaran o exame médico e a proba de esforzo baixo a modalidade de "obra ou servizo determinado".

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

6.1 FASE DE OPOSICIÓN:

Consistirá na realización dunha proba teórica ou práctica determinada polo tribunal cualificador, na que se analizará a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto ofertado.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba a realizarse.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória, cualificándose ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario para superar a mesma obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

6.2 PROBA DE GALEGO:

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 2 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

6.3. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 10 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.

- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas do emprego convocado.

5.3.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 7 puntos).

- ▶ Por acreditar ter experiencia en servizos efectivos prestados nas Administracións Públicas na mesma praza, categoría ou realizando as mesmas funcións que na praza que se convoca: 0,50 puntos/mes.
- ▶ Por acreditar ter experiencia nun posto de traballo da mesma categoría e relacionado coas funcións da praza que se convoca en empresas privadas: 0,25 puntos/mes.

A puntuación minorarase de forma proporcional en función da porcentaxe de xornada, cando esta fora parcial.

Acreditarase mediante a presentación de informe de vida laboral e do/s contrato/s de traballo, ou da certificación da entidade, de forma que queden acreditadas entidade, posto de traballo, xornada e duración.

6.3.1 Formación relacionada co desempeño do posto de traballo (Puntuación máxima: 3 puntos).

Por ter realizado curso básico de protección civil impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública e cursos de formación relacionados coa protección do ecosistema e efectos de lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública ou calquera centro oficial autorizado para impartilos, incluídos os organizados ou promovidos polos Concellos:

- Por cada curso de 60 ou máis horas de duración ou de 10 xornadas: 1 punto.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou de 5 a 9 xornadas: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou de 2 a 4 xornadas: 0,30 puntos

Será acreditado mediante presentación do correspondente diploma ou certificado da actividade formativa, no que debe figurar a súa duración, en número de horas ou xornadas.

No caso de producirse empates, o Tribunal de Valoración decidirá en función da puntuación obtida na proba de oposición. Se continúa o empate decidirá o apartado de experiencia, incluso si excedese da puntuación máxima do citado apartado. De persistir o empate serán puntuados os cursos de formación dos aspirantes nesta situación sen o límite establecido de 3 puntos. Si aínda así persistira, observarase a prioridade pola orde de entrada da solicitude no rexistro de entrada do Concello.

A puntuación final será a suma das puntuacións das fases de oposición e de concurso dos aspirantes que superasen a fase de oposición e resultasen aptos na proba de galego. Serán propostas para o posto de traballo convocado as catro persoas que acadaran a maior puntuación, quedando as restantes conformando unha listaxe de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, aos efectos de renuncia, baixa, non superar o recoñecemento médico e/ou proba física de esforzo, ou calquera outra contingencia das persoas candidatas propostas, sendo requirida a que figure na listaxe no seguinte lugar, sucesivamente, cando as circunstancias o requiran.

A persoa que obteña a maior de todas as puntuacións, será designado peón condutor.

7.- INCIDENCIAS.

Estas bases e tódolos actos administrativos que delas se deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

Alfoz, 2 de xullo de 2021.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 2027

CERVANTES

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 1 de xullo de 2021, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (2º trimestre de 2021).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (2º trimestre de 2021).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 1 de xullo de 2021.- O alcalde, Benigno Gómez Tadiñ.

R. 2028

CHANTADA

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada, na sesión ordinaria do día 03/06/2021 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 19/2021 baixo a modalidade de suplemento de crédito 02/2021, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, para acceso aos núcleos de poboación e para o Plan de estabilidade Turística da Ribeira Sacra, por importe de 141.688,20 €.

O expediente de suplemento de crédito someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 130 do 10 de xuño do 2.021. Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou reclamación algunha, polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.698.209,67
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	159.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	625.575,99
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.859.455,15
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.791.794,70
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.400.089,98

9	PASIVOS FINANCEIROS	478.112,30
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		10.022.137,79
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	2.413.590,82
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.422.411,10
3	GASTOS FINANCEIROS	8.626,22
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	271.875,85
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	3.510.356,57
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	395.277,23
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		10.022.137,79

Chantada , 2 de xullo do 2021.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2029

Anuncio

O pleno do Concello de Chantada , na sesión ordinaria do día 03/06/2021 acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 20/2021 baixo a modalidade de crédito extraordinario 03/2021, para axudas a hostalería con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , por importe de 68.000,00 €.

O expediente someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 130 do 10 de xuño do 2.021. Rematado o prazo de información pública conséntase que non se presentou reclamación algunha , polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publícase o resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.698.209,67
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	159.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	625.575,99
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.859.455,15
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00

6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.791.794,70
8	ACTIVOS FINANCEIROS	1.468.089,98
9	PASIVOS FINANCEIROS	478.112,30
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		10.090.137,79
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	2.413.590,82
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.422.411,10
3	GASTOS FINANCEIROS	8.626,22
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	339.875,85
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	3.510.356,57
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	395.277,23
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		10.090.137,79

Chantada , 2 de xullo do 2021.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 2030

MONTERROSO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 29 de xuño de 2021, a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas e de recreo municipal no Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra da devandita ordenanza.

Monterroso, 2 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2031

SAMOS

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 20.05.2021 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limítrofes, correspondente ao 2º trimestre de 2019, expónse

ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA de Samos, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 25 de xuño de 2021.- O ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 2032

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2021

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2021-0308 de data 02 de xullo de 2021, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2021 polo importe total de 5.304,02€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 2 de xullo de 2021.- O Alcalde, Edmundo Masada Masada.

R. 2033

Anuncio

Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo. 1º Semestre 2021

Aprobado por Resolución de Alcaldía nº 2020-0304 de data 01 de xullo de 2021 o Padrón da **Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, correspondente ó 1º Semestre 2021**, ponse en coñecemento dos contribuíntes incluídos no mesmo que de conformidade co disposto no artigo 99.8 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín oficial da Provincia, a efecto de exame e reclamacións.

De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o Padrón empezando a contar o prazo dun mes para a interposición do recurso de reposición ante o Sr.Alcalde-Presidente. Contra a resolución expresa ou presunta do eventual recurso de reposición que no seu caso se formule poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora de dita xurisdicción.

O presente anuncio de aprobación dos Padróns ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no art. 24 do Regulamento xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo e 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario, dende o 15 de xullo de 2021 ó 15 de setembro 2021

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlle cargados nas contas bancarias o día 5 de agosto de 2021

O resto dos contribuíntes poderán efectua-lo ingreso nas Oficinas Municipais, baixo advertencia de que transcurrido o prazo en período voluntario devengarase o recargo de apremio correspondente.

O Valadouro, 2 de xullo de 2021.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2034

VILALBA

Anuncio

APROBACIÓN PREZO PÚBLICO INSCRICIÓNS OBRADOIROS LECER CULTURAL 2021

Por acordo de Xunta de Goberno de data do 2 de xullo de 2021, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Visto o artigo 127 así como os artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), propónse o establecemento do prezo público da inscrición por alumno e actividade nos obradoiros de Lecer Cultural 2021.

Visto o artigo 47.1 do TRLRHL, e visto que a competencia para a aprobación do prezo público corresponde a Xunta de Goberno Local, por delegación acordada polo Concello Pleno, en sesión celebrada o 4 de xullo de 2019.

Visto o artigo 44 do TRLRHL respecto ao importe do prezo público, que deberá cubrir como mínimo o custo da actividade realizada, e visto que concorren circunstancias de interese público, neste caso, a promoción formativa e cultural entre a veciñanza, a ocupación do tempo de lecer de xeito activo e a conciliación familiar e laboral a través da cultura, ao que hai que engadir a consideración a repercusión que para os participantes teñen as actividades culturais no desenvolvemento das súas capacidades creativas, habilidades e autoestima, son consignadas no orzamento as dotacións económicas necesarias para dar cobertura á diferenza resultante.

Visto o expediente, e en virtude da competencia que lle foi delegada, por unanimidade dos asistentes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o prezo público da inscrición por alumno nos obradoiros de Lecer Cultural 2021, segundo o acordo regulador que se xunta como anexo ao presente acordo.

Segundo.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Dar conta deste acordo a Comisión Informativa de asuntos do Pleno na Primeira que se celebre.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como aqueles terceiros interesados que obren no expediente.

ANEXO

PREZO PÚBLICO INSCRICIÓNS OBRADOIROS LECER CULTURAL 2021

Art. 1.- OBXECTO

De conformidade co previsto no artigos 127 así como nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público da inscrición por alumno e obradoiro de Lecer Cultural 2021.

Art.2.- FUNDAMENTO E NATUREZA

O prezo público é unha prestación patrimonial de carácter público, que se satisfai por servizos ou actividades prestadas pola Administración cando non concorra ningunha das circunstancias previstas no artigo 20.1 da citada disposición normativa, relativas ás taxas.

Art.3.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do mesmo, as persoas que se inscriban e participen nas actividades reguladas no presente acordo.

Art. 4.- CONTÍA

As tarifas serán as seguintes:

	EVENTO	Prazas	Prezo
	EXTENSIVAS		
1	Obradoiro de teatro	10	6,00 €
2	Obradoiro de manualidades	10	6,00 €
	INTENSIVAS		
3	Obradoiro de Fotografía	10	4,00 €
	PUNTUALES		
4	Obradoiro de Astronáutica	10	2,00 €
5	Obradoiro títeres cartón	10	2,00 €

Art.5.- XESTIÓN E COBRANZA

1. A obrigaçión de pagar o prezo público nace desde que se inicia a actividade, aínda que se establece o anticipo total do prezo, mediante domiciliación bancaria, procedendo a devolución do importe correspondente cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se desenvolva.

O impago da tarifa determina a perda do dereito a realizar a actividade.

2. Conforme o establecido no artigo 46 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Art.6- No que non figura no presente acordo, estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vilalba, 5 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 2059